



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR NO COMPLEXO ADMINISTRATIVO
DE SAN CAETANO O DÍA 22 DE SETEMBRO DE 2005,
BAIXO A PRESIDENCIA DO EXCMO. SR.
D. EMILIO PÉREZ TOURIÑO**

D E C R E T O S

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para os efectos de expropiación forzosa, pola Deputación Provincial da Coruña, dos bens e dereitos afectados para a realización das obras do proxecto de ampliación e mellora do trazado da estrada provincial 1004, do punto quilométrico 0 ao 6 de Lanzá a Boimorto.
- Decreto polo que se declara a urxente ocupación, para efectos de expropiación forzosa, polo Concello de Cervo, dos bens e dereitos necesarios para a realización do proxecto de recuperación e rexeneración do bordo litoral da praia de Caosa e acondicionamento da desembocadura do río Ouro.

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Decreto polo que se modifica o decreto que regula o aproveitamento da enerxía eólica na Comunidade Autónoma de Galicia.

CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

- Decreto polo que se nomea delegado provincial da Consellería de Cultura e Deporte en Lugo a Xoán Xosé Molina Vázquez.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Decreto polo que se dispón que cese José Ignacio Lema Piñeiro como director xeral da división de Recurso Humanos do Servizo Galego de Saúde.
- Decreto polo que se nomea director xeral da División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde a Antonio José Fernández Paniagua.



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo.
- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica do Instituto Galego da Vivenda e Solo.
- Decreto polo que se nomea a Xosé Anxo Carreira Montes como delegado provincial da Consellería de Vivenda e Solo en Lugo.

A C O R D O S

CONSELLERÍA DE INNOVACIÓN E INDUSTRIA

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Carballeda de Valdeorras para o acondicionamento da estrada de Riodolas-Soutadoiro.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

- Acordo polo que se designan os representantes da Comunidade Autónoma na Comisión Mixta de Xestión do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas e no Padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia.

I N F O R M E S

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre o convenio de colaboración asinado entre a Consellería do Medio Rural e distintas entidades bancarias polo que se instrumenta un marco básico de cooperación dirixido á mellora da competitividade do sector lácteo galego.

CONSELLERÍA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS

- Informe sobre o Plan de repoboación de especies mariñas no litoral galego.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA
SECRETARÍA XERAL DE COMUNICACIÓN

INFORMACIÓN AOS MEDIOS



INNOVACIÓN E INDUSTRIA MODIFICA O PROCEDIMENTO PARA TRAMITAR A AUTORIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE ENERXÍA EÓLICA

O Consello da Xunta, por proposta da Consellería de Innovación e Industria, aprobou hoxe a modificación do decreto que regula o aproveitamento da enerxía eólica en Galicia, co obxectivo de mellorar o procedemento para a autorización dos parques eólicos. Esta modificación favorece que os promotores dos parques poidan chegar a acordos voluntarios cos propietarios sen que sexa necesario recorrer ao proceso expropiatorio nun maior número de casos que no procedemento anterior.

Ao igual que ocorre coas restantes centrais de xeración eléctrica, as instalacións eólicas precisan –para facer efectiva a expropiación forzosa dos bens e dereitos necesarios para o seu establecemento– que a empresa interesada solicite o recoñecemento da utilidade pública para o proxecto concreto de parque eólico do que se trate. Ata o momento víñase esixindo que a solicitude de recoñecemento da utilidade pública dun parque eólico se presentase ao mesmo tempo que a solicitude de autorización da instalación.

No entanto, para a Consellería de Innovación e Industria a práctica demostra que esta esixencia dota de excesiva rixidez o procedemento. Por esta razón modifícase o Decreto 302/2001 permitindo que o recoñecemento da utilidade pública sexa solicitado con posterioridade á iniciación do procedemento.



INNOVACIÓN E INDUSTRIA FINANCIARÁ O 93% DO ACONDICIONAMENTO DA ESTRADA DE RIODOLAS-SOUTADOIRO EN CARBALLEDA DE VALDEORRAS

- *A mellora do vial contribuirá ao desenvolvemento da actividade da lousa do concello, que actualmente conta con 47 canteiras en activo*

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Innovación e Industria e o Concello de Carballeda de Valdeorras para a execución do proxecto de acondicionamento da estrada de Riodolas-Soutadoiro. As actuacións previstas teñen un orzamento de 233.258,18 euros, dos que a Consellería aportará 217.000, o que representa o 93,03% do investimento total.

O convenio ten como obxectivo mellorar o acceso da citada estrada para contribuír ao desenvolvemento da actividade industrial e á seguridade dos numerosos vehículos pesados do sector da lousa que percorren este vial diariamente. Neste sentido cómpre subliñar que a economía do concello de Carballeda de Valdeorras está determinada en boa parte pola explotación da lousa, a través das 47 canteiras que actualmente están en activo (fundamentalmente na área de Casoio) que, cun significativo volume de exportacións, xera un tecido industrial de grande interese. Esta actividade mineira provoca un uso intensivo das vías de comunicación locais por vehículos pesados, acelerando a súa adeterioración.

Este é o caso da estrada de Riodolas-Soutadoiro, de titularidade municipal, polo que a Consellería de Innovación e Industria –que ten entre as súas competencias e prioridades o fomento de todo tipo de servizos a empresas– asinou o convenio co concello de Carballeda de Valdeorras para financiar a mellora deste vial.



MEDIO RURAL PROMOVE XUNTO CON ONCE ENTIDADES FINANCIERAS MEDIDAS PARA FACILITARLLES AOS PRODUTORES GALEGOS O ACCESO Á COTA LÁCTEA

- *Colaboran nesta medida Caixa Galicia, Caixanova, Caixa Rural Galega, La Caixa, Banco Pastor, Banco Gallego, Banco de Galicia, Banco Etcheverría, Banesto, BBVA e Banco Popular*
- *O acordo inclúe o adiantamento do pagamento da prima láctea para os gandeiros que se visen beneficiados do Plan de reestruturación do sector deseñado polo MAPA ou que mercasen cota no mercado libre, así como a posta en marcha de créditos preferentes para os produtores que precisen adquirir máis dereitos de produción.*

O conselleiro do Medio Rural, Alfredo Suárez Canal, informou esta mañá ao Consello da Xunta dun convenio de colaboración entre o departamento que dirixe e distintas entidades bancarias para establecer un marco básico de cooperación dirixido á mellora da competitividade no sector lácteo galego.

Trátase dunha medida na que colaborarán once bancos e caixas de aforro, entre elas seis entidades galegas, para pola disposición das explotacións lácteas do noso país instrumentos financeiros que lles permitan garantir a súa viabilidade e competitividade.

A través destes acordos Medio Rural porá en coñecemento dos produtores a existencia de certos mecanismos financeiros, en condicións preferentes, para a adquisición de cota láctea e, deste xeito, para a ampliación da capacidade produtiva e da dimensión económica das súas explotacións.

A necesidade destes instrumentos financeiros vén motivada polo incremento dos custos de produción e polas medidas de reestruturación que se están levando a cabo, tanto no sector do leite como dos produtos lácteos, para axustar a actividade das explotacións ao marco da Organización Común de Mercados (OMC). Unha situación que pode estar causando problemas de liquidez a boa parte das granxas galegas. Pero foi sobre todo a coincidencia no tempo do anuncio por parte do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA) de que este ano os gandeiros galegos teñen que pagar 8,5 millóns de euros por sobrepasar a cota láctea e da comunicación por parte do Fondo Español de Garantía Agraria (FEGA) das 185.000 toneladas de cota que o Plan de Reestruturación do sector pon a disposición dos produtores galegos a que fixo necesario artellar mecanismos de financiamento que evitaran que ningunha explotación máis se vira abocada ao peche en Galiza.



Ante a posibilidade de que estes condicionantes puideran pór en apuros económicos as granxas galegas, a Consellaría decidiu promover xunto con Caixa Galicia, Caixanova, Caixa Rural Galega, La Caixa, Banco Pastor, Banco Gallego, Banco de Galicia, Banco Etcheverría, Banesto, BBVA e Banco Popular un marco de cooperación mediante o que se activan varias liñas de financiamento en condicións preferentes.

Por unha banda, as entidades financeiras poñen á disposición dos produtores lácteos un préstamo ponte ou anticipo, sen xuros nin comisións, por un importe máximo igual á prima láctea que lle corresponde a cada gandeiro neste exercicio, adiantándose así o pagamento desta subvención, previsto nun principio para o primeiro semestre de 2006. Con esta cantidade (arredor de 42 millóns de euros en total) os beneficiarios poderán mercar a cota que lles asignou o FEGA. Este anticipo efectuarase por prazo máximo de dous meses.

Pero dado que a Consellaría do Medio Rural entende que o sector lácteo é estratéxico para a economía galega e que unha das prioridades desta lexislatura é a incorporación de mozos á actividade agro-gandeira, tamén se poñen en marcha, a través das caixas de aforro, préstamos a 10 anos en condicións preferentes, sen comisións de amortización e cancelación, para aqueles gandeiros que precisen de liquidez á hora de mercar máis cota. En función da cota adquirida, a razón de 0,50 euros por quilo, o importe do crédito oscilará entre 1.000 e 60.000 euros por solicitante, podendo incrementarse ata 60.000 euros por socio se se trata de entidades asociativas. Establécese ademais un ano de carencia na amortización e unha comisión de apertura do 0,50%. O tipo de xuro será no primeiro exercicio do 2,50% e no prazo restante igual ao Euribor a 1 ano máis o 0,50%.

A vixencia deste convenio esténdese ata o vindeiro 31 de marzo de 2006, podendo prorrogarse mediante acordo entre as partes. Para ter acceso a estas medidas, o beneficiario deberá acreditar que é titular dunha explotación dedicada á produción de leite, que é destinatario dunha asignación de cota do Fondo Estatal na actual campaña ou ben que ten adquirido dereitos de produción mediante a compra-venda de cota entre particulares no pasado mes de abril (máis de 9.300 gandeiros galegos en total) e por último que é solicitante da prima láctea para este ano.



PESCA LEVARÁ A CABO UN PLAN DE REPOBOACIÓN DE ESPECIES MARIÑAS NO LITORAL GALEGO

- *O proxecto arrincará na Costa da Morte coa solta de 5.000 alevíns de rodaballo nas praias de Nemiña, Moreiras e Lago*
- *A conselleira de Pesca trasladou aos membros do Goberno galego a necesidade de contar coa implicación do sector pesqueiro no desenvolvemento do plan*

A titular de Pesca e Asuntos Marítimos do Goberno autonómico, Carmen Gallego Calvar, informou esta mañá ao Consello da Xunta do *Plan de Repoboación de Especies Mariñas no Litoral Galego*, que o seu departamento porá en marcha antes de que finalice o ano. O proxecto estará coordinado polo Centro de Investigacións Mariñas (CIMA) de Corón (Vilanova de Arousa) e o Instituto Galego de Formación en Acuicultura da Illa de Arousa (IGafa).

Segundo informou hoxe Gallego Calvar, o plan inclúe actuacións de repoboación de especies de alto valor comercial, coas que se pretende recuperar pesquerías que tradicionalmente conformaban as rías galegas.

Na primeira fase do proxecto soltaranse 5.000 crías de rodaballo nas praias de Nemiña, Moreiras e Lago. Estes areais da Costa da Morte posúen distinto hidrodinamismo, o que os converte en enclaves idóneos do litoral galego para facer un seguimento axeitado das crías en distintas condicións. Antes da solta, os técnicos do IGafa controlarán os xuvenís nas instalacións de cultivo do centro, onde estarán sometidos a estritos controis microbiolóxicos e patolóxicos. Deste xeito, quedan garantidas as condicións sanitarias das especies evitando pragas ou contaxios indesexados nos caladoiros da nosa comunidade. A Consellería de Pesca realizará, ademais, mostraxes semanais e quincenais para levar a cabo un seguimento exhaustivo dos rodaballos introducidos nas rías.

Outras actuacións paralelas ao plan

A máxima responsable de Pesca anunciou tamén a adopción doutras medidas que se desenvolverán paralelamente ao plan de repoboación desta especie. Entre elas destaca a creación dun *stock* de reprodutores de rodaballo, ollomol e lumbrigante procedentes do medio natural, co que se poderán subministrar crías nun futuro próximo. Así mesmo, farase unha primeira solta de lumbrigantes o próximo ano e construíranse catro tanques exteriores para o acondicionamento de peixes e crustáceos procedentes do mar.

Xuntanzas co sector

Durante a reunión desta mañá, a responsable de Pesca trasladou aos membros do Executivo autonómico a necesidade de contar coa participación do sector pesqueiro



galego na realización deste plan. Para iso, a Consellería de Pesca manterá xuntanzas coas organizacións profesionais do sector de Camariñas, Muxía e Fisterra, así como coas situadas nas localidades comprendidas entre Muros e Caión.



DESIGNADOS OS NOVOS REPRESENTANTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA NA COMISIÓN MIXTA DE XESTIÓN DO PARQUE DAS ILLAS ATLÁNTICAS

- *O secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente, Jorge Antonio Santiso, e o director xeral de Conservación da Natureza, Xosé Benito Reza, pasan a formar parte desta comisión*
- *Os novos directores xerais de Urbanismo, Turismo e Recursos Mariños tamén se incorporan ao organismo*

O Goberno galego acordou esta mañá, na súa xuntanza semanal, o cesamento e a designación dos novos representantes da comunidade autónoma na comisión mixta de xestión e no padroado do Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas.

Os artigos 6 e 7 da Lei 15/2002, do 1 de xullo, pola que se declara o Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, prevén a participación da Xunta de Galicia, tanto nos órganos de xestión, a través dunha Comisión Mixta de Xestión Administración Xeral do Estado-Comunidade Autónoma, como no padroado. Neste senso e co obxecto de materializar esta previsión e tendo en conta os cambios acontecidos nas diferentes consellerías, procédese á designación dos novos representantes da Comunidade Autónoma de Galicia tanto na Comisión Mixta coma no Padroado, que tal e como prevé a normativa para este último órgano serán cinco designados pola Xunta de Galicia.

Deste xeito, dispónse que cesen as persoas que se relacionan a continuación:

-Comisión Mixta de Xestión do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas

- Justo de Benito Basanta, ex secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente.
- Javier Ruíz de Almirón Schlung, ex director xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente.

-Padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas

- Justo de Benito Basanta, ex secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente.
- Javier Ruíz de Almirón Schlung, ex director xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente.
- Martín Fernández Prado, ex director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.



-M^a Angeles Antón Vilasánchez, ex directora xeral de Turismo da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo.

-Carmen Bouso Montero, directora xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.

Quedan designados como novos representantes da Comunidade Autónoma de Galicia na Comisión Mixta de Xestión do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas e no Padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, as persoas que se relacionan a continuación:

-Comisión Mixta de Xestión do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas

-Jorge Antonio Santiso Blanco, secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Xosé Benito Reza Rodríguez, director xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Padroado do Parque Nacional marítimo-terrestre das Illas Atlánticas

-Jorge Antonio Santiso Blanco, secretario xeral da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Xosé Benito Reza Rodríguez, director xeral de Conservación da Natureza, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

-Ramón Saúl Lueje Espina, director xeral de Urbanismo da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes.

-Rubén Camilo Lois González, director xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria.

-Francisco Nicolás Fernández Cortés, director xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos.



APROBADO O DECRETO QUE ESTABLECE A ESTRUCTURA ORGÁNICA DA CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

- *Pasa a ter todas as competencias en materia de vivenda, rehabilitación e conservación do patrimonio e na creación de solo residencia e empresarial*
- *IGVS mantense como organismo autónomo adscrito á Consellería pero experimenta unha importante reestruturación*
- *Tamén é competente para aplicar unha política de relocalización industrial e facilitar a rexeneración de áreas degradadas, urbanas ou de interese natural*

O Consello da Xunta vén de aprobar o decreto que establece a estrutura orgánica da Consellería de Vivenda e Solo. O departamento estará integrado por unha Secretaría Xeral, a cargo de Enrique Urdiales e da que dependerá unha vicesecretaría, por unha Dirección Xeral de Fomento e Calidade da Vivenda, en mans de Encarna Otero e da que dependen dúas subdireccións xerais, e polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, presidido pola conselleira e dirixido por Daniel Pino, que mantén o seu estatus de organismo autónomo adscrito á Consellería pero sofre unha importante modificación. A estrutura complétase con catro delegacións provinciais.

O decreto fixa as competencias e as funcións do departamento que dirixe Teresa Táboas. Así, corresponde á Consellería todo o relacionado coa política de vivenda, coa finalidade de favorecer o dereito constitucional dunha vivenda digna e adecuada, coa rehabilitación e conservación do patrimonio arquitectónico e coa creación de solo empresarial e residencial.

En coherencia, o decreto establece que corresponde á Consellería representar a Xunta de Galicia nos órganos de representación, comisións e foros, tanto nacionais como internacionais, que teñan competencias en materia de vivenda. Tamén establecer as medidas e os programas que incentiven o desenvolvemento sostible, e as accións que promovan a innovación e a calidade da vivenda e dos procesos de edificación e urbanización para acadar estándares de calidade baixo os principios de sustentabilidade, aforro e uso de enerxías renovables.

Tamén é prerrogativa do departamento que preside Táboas elaborar, en colaboración cos concellos e as outras administracións, estratexias para aplicar unha política de relocalización industrial que posibilite a rexeneración de áreas urbanas degradadas e de áreas de interese natural preservar ou recuperar, complementadas con estratexias igualmente conducentes á propia recuperación e desenvolvemento dos sectores industriais afectados.

No referente á creación de solo, o decreto recolle que é competencia da Consellería crear solo de carácter produtivo e residencial, coa dobre finalidade de abaratar o seu



custo e acadar por un lado unha menor repercusión no prezo da vivenda, por outro, que os operadores económicos dispoñan de solo suficiente para dinamizar o territorio.

En relación á rehabilitación, o departamento de Teresa Táboas ten entre as súas funcións a renovación e recuperación urbana nos centros históricos ou noutros tecidos urbanos degradados. Igualmente, implantar medidas para recuperar e núcleos e vivendas rurais, co fin de revitalizar os asentamentos de poboación e evitalos despoboamentos no medio rural.

Erradicar o chabolismo e a infravivenda e favorecer a adquisición de vivenda en alugueiro completan as principais competencias recollidas no decreto de constitución da Consellería de Vivenda e Solo.



CONSELLERÍA DE CULTURA E DEPORTE

DELEGADO PROVINCIAL

Xoán Xosé Molina Vázquez

Naceu en Madrid en 1948. É enxeñeiro técnico agrícola e licenciado en Xeografía e Historia.

Funcionario dende 1973 en extensión agraria, estivo na Dirección Xeral de Montes dende 1993 ata 1999. Ata a actualidade traballou no Fondo Galego de Garantía Agrario (FOGGA).

É tamén presidente do Padroado do Museo Comarcal da Fonsagrada dende a súa fundación, en 1984.



CONSELLERÍA DE SANIDADE

DIRECTOR XERAL DA DIVISIÓN DE RECURSOS HUMANOS E DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

Antonio José Fernández Paniagua

Ten 43 anos de idade, está casado e é pai de dous fillos. É licenciado en Filosofía e Letras pola Universidade de León, ten un mestrado en Dirección de Recursos Humanos por CEREM e outro en Dereito Sanitario pola Universidade da Coruña. Ademais, é especialista en Recursos Humanos pola Universidade Politécnica de Madrid e posúe o diploma de directivo da Xunta de Galicia.

Antonio Fernández Paniagua é persoal estatutario por oposición do Sistema Nacional de Saúde das categorías de administrativo (1989), grupo de xestión (1990) e grupo técnico da función administrativa (2002).

Entre os postos que desenvolveu destaca a xefatura de sección da área de hostalaría do Complexo Hospitalario Arquitecto Marcide de Ferrol (1994), a dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (2002) e a dirección de Recursos Humanos e Relacións Laborais da área sanitaria de Ferrol (2005).



CONSELLERÍA DE VIVENDA E SOLO

DELEGADO PROVINCIAL EN LUGO

Xosé Anxo Carreira Montes

Naceu en Lugo en 1969. É doutor en Arquitectura pola Escola Técnica Superior de Arquitectos da Coruña (ETSAC).

Exerceu como profesor axudante na Universidade do Val dos Sinos en Brasil e como profesor asociado e titor de proxectos de fin de carreira na Escola de Arquitectura da Coruña.

É membro da Comisión de Cultura da Delegación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG) en Lugo e de Arquitectos sen Fronteiras en Galicia. Así mesmo, participa como colaborador no suplemento de Arquitectura do xornal El Progreso.

Ten participado no Primeiro Congreso Internacional de Arquitectura Institucional e na organización do Ciclo de Conferencias sobre a intervención no patrimonio arquitectónico lucense.

Tamén é representante do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia nas mesas de traballo do Plan Estratéxico de Lugo e secretario do Departamento de Construción de ETSAC, no curso 2004-2005.

Obtivo o primeiro premio no concurso de ideas para a ordenación do fronte urbano-marítimo da vila de San Vicente da Barquera. Santander, así como a máxima clasificación no concurso de ideas para a construción dun palco de música e acondicionamento do adro parroquial en Peillieiros (Gondomar).

Foi representante da Comunidade Autónoma de Galicia na Bienal de Arquitectura de Venecia no ano 2000 co proxecto *A cidade: máis ética menos estética*.